

# COS BRAZOS ABERTOS

Texto de ANTONIO RUBIO

Ilustracións de MARIA GIRÓN

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 19,5 x 29 cm. 32 páx. 16 €

**Cos brazos abertos** (galego)

ISBN 978-84-1343-159-8. Álbum ilustrado. MareMar.

**Con los brazos abiertos** (castelán)

ISBN 978-84-1343-160-4. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

**Braços oberts** (català)

ISBN 978-84-18558-46-7. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor.

**Heldu garen guztiak** (euskara)

ISBN 978-84-9172-284-7. Album irudidunak. Egile lanak.

**Filastrocca a braccia aperte** (italiano)


ISBN 978-84-1343-155-0. Albo illustrato. Gli albi di autore.

*...Hai cabelos durmidos e rizados,  
cabelos coma nube, coma o trigo,  
cabelos surtidor ou destrenzados.*

*Hai cores da pel igual que o barro,  
cores de crecente arco da vella,  
cores vento, chuvia, trono, sándalo...*

«Cos brazos abertos» presenta a diversidade a ollos da infancia a partir dunha xornada no colexio, onde nenas e nenos de distintas procedencias conviven felices e en harmonía, aprendendo e axudándose mutuamente, compartindo xogos, melodías, sabores, danzas... Esa diversidade plásmase na fisionomía e na pel dos escolares, nas súas respectivas linguas maternas ou nos costumes propios de cada colectivo. Antonio Rubio abrangue toda esa valiosa riqueza con versos que destacan pola beleza e pola sutileza das figuras literarias. Así, nestas aulas conflúen nenas e nenos con raíces en Asia, África, América, Centroeuroa... Trazando un paralelismo, o autor introduce a figura das criaturas mariñas e das aves migratorias, que sucen as augas e o ceo sen fronteiras que limiten a súa liberdade.

Este canto á esperanza dun mundo fraterno e igualitario complétase coas fermosas ilustracións de Maria Girón, onde a diversidade identifícase cunha ampla paleta cromática. Ao dinamismo das escenas, con múltiples perspectivas, únense o realismo e a expresividade dos retratos.



■ **Temática:** diversidade, multiculturalidade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** poesía; escola, xogos, traballo en equipo, cooperación; inmigración, integración, respecto ás diferenzas; outras obras de Antonio Rubio: colección *Do berce á lúa*, «Aurelio», «Cores», «Números», «Juego de letras», «A merliña», «O poliño da abeleira», «Chofer de sandías», «Almanaque musical», «Las alas del AVEcedario» e «7 Llaves de cuento» (KALANDRAKA); da ilustradora de «Miña Guía, meu Capitán», «Palabras de caramelo» e «La gent de la meva escala».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/cos-brazos-abertos-g>

## Antonio Rubio

(El Puente del Arzobispo, Toledo, 1953)

Mestre durante 40 anos e poeta que, ao seu labor docente e ás actividades en bibliotecas escolares, suma a paixón por ler e escribir. Participa en cursos de animación lectora e formación do profesorado. Dirixe a colección de poesía *Trece Lúas* de FAKTORÍA K. <https://kalandraka.tv/gl/videos/antonio-rubio/>

## Maria Girón

(Barcelona, 1983)

Estudou Belas Artes na Universidade de Barcelona, completou a súa formación en Boloña e Sevilla e, de volta na Cidade Condal, especializouse en ilustración na Escola Llotja. Ilustrou numerosos libros traducidos a varias linguas. En 2010 foi seleccionada pola Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña para participar nunha exposición colectiva dedicada a Gianni Rodari. Para esa mesma feira volveu colaborar, en 2017, noutra mostra sobre a cultura catalana. <http://www.mariagiron.com>

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com